

SERVIZOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR

ENCONTRO FORMATIVO

CARBALLIÑO 20 E 21 DE ABRIL DO 2023



SERVIZOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR

Contextualización

Os SEAFs (Servizos de Educación e Apoio Familiar) forman xa servizo consolidado dende hai anos nos distintos concellos de toda Galicia.

Dende o Ceesg levamos tempo desenvolvemento formación especializada que xere un tecido colaborativo e participativo entre as profesionais da Educación Social dos SEAFs.

É preciso xerar e manter unha rede profesional que active a mellora continua deste servizo a través de prácticas innovadoras e participativas tal e como promove a normativa galega en materia de servizos sociais.

A implantación de diversos instrumentos e protocolos de intervención que a diario teñen que manexar as profesionais precisan dunha formación que promova a implantación dos mesmos e a calidade do servizo ao tempo que asegure a coordinación efectiva entre os distintos sistemas (Saúde, Educación...)

O instrumento VALORA, protocolos maltrato infantil, protocolos de implantación no eido da saúde e educación (risco suicida, acoso escolar, absentismo escolar) son a diario ferramentas que dende os SEAFs é necesario recoñecer e utilizar sen que dependa da vontade técnica do concello no que se desenvolve o servizo.

Obxectivos

A intencionalidade é **fortalecer o traballo en rede das profesionais de Educación Social** dos distintos concellos de Galicia polo que a xuntanza debe ser presencial e incorporarse dentro da formación específica que dende a Xunta de Galicia se promova como mellora dos SEAF nos Servizos Sociais Comunitarios de Galicia.

- Xerar **rede** entre as Educadoras Sociais dos SEAFs.
- Favorecer un **marco formativo** para as Educadoras Sociais dos SEAFs.
- Realizar unha proposta participativa de **díptico informativo para as persoas usuarias** dos SEAFs.

Destinatarias

- Educadoras Sociais dos Servizos de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios de Galicia.
- Persoal equipas técnicas do menor: representación provincial, haberá a posibilidade de seguemento vía streaming do espazo formativo:

" Apego e Adversidade Temprana: unha mirada actualizada dende a intervención socioeducativa"

DESENVOLVEMENTO DA PROPOSTA FORMATIVA

Localización

Albergue da Xunta de Galicia.

Residencia de Tempo Libre de Carballiño

Datas

20 e 21 de abril de 2023.

Xoves e venres.

Programa

XOVES 20 de abril

- 10:00. Mesa inaugural.
Conselleira / representación Xunta de Galicia.
Representación Ceeg.
- 10:30. Instrumento VALORA-GALICIA (valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil nos servizos sociais especializados en protección de menores en Galicia)
Presentación a cargo de persoal da Xunta de Galicia e persoal técnico dos Servizos Sociais Especializados.
- 12:30. Protocolos de intervención. Alejandro García SERGAS
Risco suicida: proposta de presentación.
Coordinación con centros escolares con nenos e nenas con necesidades educativas especiais: proposta de presentación de liña de traballo a través de persoal dos Equipos de Orientación Específica.
- 14:00. Xantar.
- 16:00. Apego e Adversidade Temprana: unha mirada actualizada dende a intervención socioeducativa.
Proposta de profesional especializada a cargo de AGINTZARI.
- 20:00. Cea
- 21.00. *Espazo Xerando rede: Visionado documental “Así crecen los enanos”*

VENRES 21 de abril

08:30. Almorzo

09:30. Seminario: Intervención individual nos SEAFs: o acompañamento socioeducativo como base da Educación Social dende os SEAF.

Proposta profesional educador/a social.

11:30. Grupos de traballo: Accións innovadoras nos SEAFs

Catro facilitadoras : Rexenerando S. Coop. Galega.

Elaboración díptico de SEAF.

Facilitadoras: Proposta Ceesg.

13:00. Presentación das conclusións.

13:30. Peche das xornadas.

Representación da Xunta de Galicia.

Representación Ceesg.